dispuesto en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y en la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción ContenciosoAdministrativa.

En el caso de interponerse recurso de reposición, no se podrá interponer recurso contenciosoadministrativo hasta que aquél sea resuelto expresamente o se produjese la desestimación del mismo por silencio administrativo.

Paderne de Allariz. El presidente.

Fdo.: José Antonio Blanco Pérez.

Documento firmado digitalmente.

R. 3.078

Mancomunidade Terra de Celanova

Logo de aprobar por Resolución de Presidencia núm. 2022-0613 de data 14/12/2022 as bases e a convocatoria no marco do proceso de estabilización de emprego temporal, para Mancomunidade Terra de Celanova, mediante sistema de concurso ou concurso-oposición, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio en o Boletín Oficial do Estado.

As bases xerais, bases específicas e prazas convocadas son as seguintes:

Bases reguladoras e convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal da Mancomunidade Terra de Celanova de conformidade coa Lei 20/2021

Primeira. Obxecto da convocatoria

É obxecto destas bases a regulación dos procesos selectivos para a provisión en propiedade das prazas de persoal laboral fixo da Mancomunidade de Intermunicipal Voluntaria "Terra de Celanova" incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal da Mancomunidade Terra de Celanova, aprobada por acordo da Asemblea Xeral de 25 de maio de 2022 (BOP núm. 122 do 30 de maio de 2022 e anuncio publicado no DOG núm. 105 do 2 de xuño de 2022).

A relación de ditas prazas recóllese na base 17ª.

Segunda. Lexislación aplicable

Ás probas selectivas seralles de aplicación a normativa estatal e autonómica reguladora da selección de persoal funcionario de carreira e laboral fixo ao servizo das administracións locais e concretamente o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para reducir a temporalidade no emprego público así como ao disposto nesta convocatoria.

Terceira. Sistemas de selección

Conforme co disposto na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal da Mancomunidade Terra de Celanova, e de conformidade co establecido no artigo 2 e na Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para reducir a temporalidade no emprego público, establécese como sistema de selección o sistema de concurso-oposición para a provisión das prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto no artigo 2 da Lei 20/2021 e o de concurso para a provisión das prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto nas da 6ª e 8ª da Lei 20/2021.

Cuarta. Requisitos das persoas aspirantes

1. Para participar nas probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 do TRLEBEP e no artigo 50 da Lei 22015, do Emprego Publico de Galicia, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e conservarse, cando menos, ata a data da toma de posesión.

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido nos artigos 57 do TRLEBEP e 52 da LEPG, poderán acceder ás prazas de persoal funcionario de carreira, as persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e as/os súas/seus descendentes e as/os do seu cónxuxe – sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. No que atinxe ás prazas de persoal laboral fixo, poderán acceder a elas, ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, as persoas estranxeiras que se atopen residindo legalmente en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e da súa integración social.

b) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión do título que en cada caso se sinala, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, en cada caso. Cando se aleguen equivalencias de títulos, achegarase no seu día certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectada/o por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con diversidade funcional en igualdade de condicións que as demais persoas aspirantes, segundo o disposto na disposición adicional 19ª da Lei 30/1984, do 2 de agosto, na redacción dada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, e normativa de concordante aplicación.

e) Habilitación: non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais do Estado ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial firme. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Non incorrer en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Lingua galega: acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da LEPG e na forma establecida na base quinta.2.I.d). No caso de non posuír os certificados será necesario superar un exercicio previo e eliminatorio de tradución que constará dunha entrevista oral en idioma galego.

O tempo máximo para a realización do exercicio será, en cada caso, dunha hora. Este exercicio valorarase como apto ou non apto e para superalo será necesario obter o resultado de apto. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecemen-

tos esixidos para acadar o resultado de apto. O/s exercicio/s realizaranse unha única vez para todas as persoas candidatas que se presenten ás distintas prazas da oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal da Mancomunidade Terra de Celanova.

h) Os requisitos especiais que se sinalen para cada praza na base 17ª.

2. En todo caso, o persoal que ingrese en virtude desta convocatoria quedará obrigado a prestar os servizos na xornada de traballo única ou partida que acorde a Mancomunidade, así como os servizos ou cometidos similares aos das prazas que obteñan, sempre de acordo coas normas xerais que se adopten, sen discriminación, con carácter xeral ou para determinados cometidos e servizos.

Quinta. Presentación de solicitudes e admisión das persoas aspirantes.

1. O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación do anuncio da convocatoria no BOE. Previamente publicaranse as bases íntegras no BOP e un anuncio da convocatoria no DOG (artigo 205 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

2. As solicitudes poderanse presentar no Rexistro Xeral da Mancomunidade Terra de Celanova ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina Rexistro da Mancomunidade Terra de Celanova ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica da Mancomunidade, na ligazón https://terradecelanova.sedelectronica.gal. Nas solicitudes farase constar expresamente que a persoa aspirante reúne todas e cada unha das condicións esixidas, referidas á data de expiración do prazo de presentación.

I) Documentación administrativa para a admisión aos procesos:

a) Modelo normalizado de solicitude que se inclúe nestas bases (Anexo I) e que estará dispoñible no portal web corporativo da Mancomunidade Terra de Celanova na ligazón https://terradecelanova.es.

b) Copia da titulación esixible na cláusula décimo novena das presentes bases para á praza que se presente.

c) Xustificante de pago da taxa de participación no proceso selectivo. No caso de que as persoas interesadas concorran a máis dunha das prazas convocadas, cada unha delas constituirá un proceso selectivo diferente, polo que deberá aboar a taxa correspondente para cada unha delas. O pago realizarase mediante ingreso do importe na conta da Mancomunidade núm. ES32 2080 5292 8231 1002 3267.

d) Copia do diploma ou certificado, que acredite o grao de coñecemento do idioma galego do nivel de iniciación (Celga 2) para grupos AP (Celga 3) para grupo C2 e (Celga 4) para grupo A2. No caso de non presentar esta documentación, a persoa interesada deberá realizar unha proba de coñecemento de lingua galega na forma establecida na base cuarta.1.g).

e) Para o caso das prazas de bombeiro/a condutor/a, carné de conducir C, para a praza de chofer de recollida de lixo, carné de conducir C e CAP e para a praza chofer de rozadora, carné de conducir B.

II) Documentación para a valoración do concurso:

a) Certificación expedida pola administración competente dos servizos prestados para o caso de experiencia laboral en administracións públicas, na que deberá figurar, como mínimo: a administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, o posto ou praza desempeñado, o corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate, a porcentaxe de xornada e o cómputo total de días, meses e anos traballados. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, ou da condición de persoal funcionario de carreira ou interino, en calquera das súas modalidades.

b) Informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

c) Contratos de traballo para o caso de que se aleguen servizos prestados por conta allea en empresas do sector público na mesma ou análoga categoría para a que se presenta a solicitude.

d) Diplomas ou certificados dos cursos que se aleguen como mérito para a súa valoración. Os méritos admisibles e avaliables serán unicamente os causados ata a data da presentación de solicitudes.

3. A esixencia da documentación recollida neste apartado motívase pola imposibilidade material, no momento actual, de obtelos datos correspondentes nas plataformas de intermediación de datos e redes corporativas das administracións públicas.

4. Non obstante ao anterior, non será necesario achegar a documentación sinalada no apartado anterior que xa conste en poder da Mancomunidade Terra de Celanova. Deberase indicar esta situación na solicitude, facendo constar a data e o procedemento no que foron achegados.

5. Cando as persoas solicitantes presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentala na oficina de rexistro da Mancomunidade ou de calquera outra entidade do sector público ás que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como en representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España. A oficina dixitalizará os documentos e emitirá unha copia electrónica auténtica destes, que se remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveranse no acto ás persoas solicitantes, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

6. A documentación deberá presentarse sen grampar nin encadernar, en follas soltas e ordenadas, para facilitar a súa correcta dixitalización.

7. Cando as persoas solicitantes opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Mancomunidade, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Mancomunidade e proceder do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, deberán cubrir a solicitude (Anexo I) que estará dispoñible na web da Mancomunidade, e a continuación descargala e gardala no seu dispositivo electrónico, para logo anexala no rexistro electrónico.

b) En segundo lugar, deberán dixitalizar e incorporar á solicitude o resto de documentación esixible.

c) Unha vez incorporada a solicitude, procederán a asinala electronicamente e a enviala, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Para calquera consulta ou dúbida poderá contactar co Servizo de Recursos Humáns ou Rexistro, no teléfono 988 451646, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

9. De cara a axilizar a formación das listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, recoméndase que as persoas solicitantes que presenten a súa solicitude en rexistros diferentes ao da Mancomunidade ou a través de correo postal, adianten unha copia da solicitude co selo do rexistro de procedencia ou, no seu caso, co selo coa data de presentación en Correos a través do correo electrónico admin@terradecelanova.es dentro do prazo establecido para a presentación de instancias.

Sexta.- Admisión

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia aprobará as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, no prazo máximo dun mes. Este prazo poderá ser ampliado, cando resulte necesario, ata un máximo de 15 días.

2. As listas provisionais serán expostas, en todo caso, na sede electrónica e na páxina web da Mancomunidade Terra de Celanova (www.terradecelanova.es), concedéndose un prazo de dez días hábiles para os efectos de reclamacións e corrección de deficiencias, conforme co artigo 68 da Lei 39/2015. Se as houbese, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública na mesma forma. Esta última data será determinante dos prazos para impugnacións ou recursos.

3. A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houbese. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións.

4. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas, con carácter definitivo, a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Sétima. Protección de datos

1. O tratamento pola Mancomunidade dos datos persoais que achega a persoa solicitante coa súa solicitude baséase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas nas presentes bases, necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación de emprego no sector público así como para a valoración das solicitudes. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Mancomunidade determinará a exclusión da persoa solicitante do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase ás persoas interesadas do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Mancomunidade Terra de Celanova, cuxo representante legal é o seu presidente, Jaime Sousa Seara, con domicilio para os efectos de notificacións Barrio Ermida 39, 32800 Celanova, Ourense, teléfono de contacto 988 451646 e correo electrónico:

admin@terradecelanova.es.

b) O delegado de protección de datos da Mancomunidade Terra de Celanova pode contactarse no enderezo electrónico dpo@legalforma.es, e ante el (ou directamente ante o responsable do tratamento) poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación do emprego público do sector público, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para a súa admisión e á valoración da súa solicitude. Publicaranse na sede electrónica da Mancomunidade as listas provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, as actas dos tribunais cualificadores e a resolución de nomeamento. As publicacións referidas manteranse durante o período de tempo estritamente necesario para o fin que se persegue e, como máximo durante un prazo de 5 anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida a publicación de oficio pola Mancomunidade ou ben por solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento ou ao Delegado de Protección da Mancomunidade Terra de Celanova (DPD), na Barrio Ermida 39, 32800 Celanova, Ourense, ou ben, a través do enderezo electrónico admin@terradecelanova.es

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade de coñecer eses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación do emprego público á Mancomunidade (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679). No caso dos datos necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e a valoración de solicitudes, a necesidade de coñecer eses datos é para satisfacer a finalidade de interese público (organización e xestión do emprego público na Mancomunidade) perseguida coa convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Mancomunidade serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado da Mancomunidade para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de persoas solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos.
- Aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos administrativos e xudiciais que poidan interpoñerse contra os actos e resolucións susceptibles de recurso, así como aos membros dos tribunais cualificadores, Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións dos tribunais e das devanditas autoridades públicas.
- Aos membros da asemblea, cando o reclamen, para o exercicio do seu dereito á información.

f) En ningún caso se transferirán os datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Mancomunidade de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) En todo momento, as persoas interesadas poderán solicitarlle á Presidencia da Mancomunidade o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a

limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez finalizado o procedemento, sempre que conste a firmeza do acto administrativo que lle poña fin e transcorrese o prazo sinalado na letra c) anterior desta base. Poderá formularse, igualmente, a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular da persoa interesada, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679. Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Mancomunidade Terra de Celanova. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Mancomunidade neste procedemento.

i) En todo caso, a persoa interesada poderá formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta base.

l) Respecto das persoas que participen nas quendas por diversidade funcional, a publicación da súa identidade realizarase mediante o número completo do seu documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente, salvo que previa e expresamente manifeste o seu consentimento á publicación do seu nome completo. Neste último caso, identificarase, ao igual que o resto de aspirantes, mediante a publicación do nome e apelidos engadindo catro cifras numéricas aleatorias do seu documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente.

Oitava. Tribunais de selección

1. O tribunal de selección estará formado por cinco membros: presidencia, tres vogais e secretario/a. As persoas membros do tribunal deberán ter a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera organismo pertencente ao Sector Público.

A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición de conformidade co establecido no artigo 60 do TRLEBEP e 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Será designado na resolución pola que se aproben as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, segundo o establecido na base reguladora sexta.

2. As persoas membros do tribunal (titular e dous/dúas suplentes) con dereito a voto serán designadas mediante resolución da Presidencia.

3. As persoas membros do tribunal estarán suxeitas ás causas de abstención e recusación establecidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación destas bases. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

4. Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións e non estarán suxeitos a instrucións de ningún tipo por parte dos órganos da Mancomunidade. A Mancomunidade porá á súa disposición os medios materiais que precisen para a realización do seu cometido. En casos xustificados, os tribunais de selección poderán solicitar a contratación de persoal asesor técnico especializado para a realización e avaliación das probas selectivas. Estas persoas, que debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de membros dos órganos de selección establece a lexislación vixente, colaborarán co tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e deberán comparecer a título individual, con voz e sen voto.

5. O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a, titular ou suplente. As súas decisións adoptaranse por maioría.

6. Correspóndelle á Presidencia do tribunal acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

7. A secretaría, que intervirá con voz e sen voto, custodiará os exames e actas e elaborará as actas dos acordos. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

8. As resolucións do tribunal vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as resolucións, actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados, poderán interpoñerse os recursos que legalmente procedan en dereito.

Novena. Fase previa: exercicio de galego

Os/as aspirantes que non acreditasen o coñecemento de lingua galega na forma establecida na base quinta 2.I d) deberán realizar o exercicio previo conforme á cláusula g) da base cuarta 1, que será única para todas as persoas participantes.

Décima. Procesos derivados das disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público - sistema de concurso

1. Coa resolución de aprobación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas, sinalarase a data e lugar das convocatorias para a constitución do tribunal, proba de galego e a valoración de méritos do/as candidatos/as admitidos/as.

2. O tribunal valorará os méritos que alegasen e xustificasen as persoas aspirantes na solicitude e documentación anexa, na seguinte forma, agás cando se sinalen outros baremos nas normas específicas de cada praza:

a) Participar ou impartir cursos organizados ou homologados polos centros ou servizos de formación das diferentes Administracións Públicas, Mutuas, Universidades, Colexios Oficiais ou os impartidos polas Organizacións Sindicais ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos Acordos de Formación Continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas Administracións Públicas e realizados dentro do Plan de Formación e Inserción Profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira.

Os cursos de galego (cuxas titulacións sexan expedidas ou homologadas polos organismos correspondentes da Xunta de Galicia) sempre están relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira.

Por grupos e subgrupos de titulación, as táboas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo A2: 40 horas (0,25 puntos hora)

Grupo C2: 20 horas (0,50 puntos hora).

Grupo AP: 10 horas (1 puntos por hora).

A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos

b)Por cada mes de servizo remunerado, prestado en postos de traballo correspondentes á mesma categoría profesional da praza á que se aspira:

1) 1,25 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da Mancomunidade Terra de Celanova, en calidade de persoal temporal.

2) 0,50 puntos por servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías, ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal.

3) 0,625 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no resto do sector público, en calidade de persoal temporal.

A puntuación máxima deste apartado será de 90 puntos.

Os servizos previstos anteriores computaranse ata a data prevista legalmente como último día para presentar as instancias.

Décimo primeira. Procesos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público - sistema de concurso-oposición.

A. Fase de concurso

1. Coa resolución de aprobación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas, sinalarase a data e lugar das convocatorias para a constitución do tribunal, proba de galego e a valoración de méritos do/as candidatos/as admitidos/as.

2. O tribunal valorará os méritos que alegasen e xustificasen as persoas aspirantes na solicitude e documentación anexa, na seguinte forma, agás cando se sinalen outros baremos nas normas específicas de cada praza:

a) Participar ou impartir cursos organizados ou homologados polos centros ou servizos de formación das diferentes Administracións Públicas e Universidades, Mutuas, Colexios Oficiais ou os impartidos polas Organizacións Sindicais ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos Acordos de Formación Continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas Administracións Públicas e realizados dentro do Plan de Formación e Inserción Profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira.

Os cursos de galego (cuxas titulacións sexan expedidas ou homologadas polos organismos correspondentes da Xunta de Galicia) sempre están relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira.

Por grupos e subgrupos de titulación, as táboas para a puntuación máxima sería:

Grupo AP (E) Categoría IV e V: 10 horas (0,40 puntos por hora)

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

b) Por cada mes de servizo remunerado, prestado en postos de traballo correspondentes á mesma categoría profesional da praza á que se aspira:

1) 0,50 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da Mancomunidade Terra de Celanova, en calidade de persoal temporal.

2) 0,15 puntos por Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías, ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal.

3) 0,25 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no resto do sector público, en calidade de persoal temporal.

A puntuación máxima deste apartado será de 36 puntos.

Os servizos previstos anteriores computaranse ata a data prevista legalmente como último día para presentar as instancias.

B. Fase de oposición

I) Comezo das probas e orde de actuación das persoas aspirantes.

1. Quince días naturais antes, como mínimo, do comezo dos exercicios, anunciarase na páxina web da Mancomunidade o día, a hora e o lugar no que terán lugar. Os anuncios sucesivos para a realización das restantes probas publicaranse na páxina web da Mancomunidade con, cando menos, setenta e dúas horas de antelación antes do comezo das probas.

2. Os exercicios practicaranse en chamamento único. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios no momento do chamamento, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar neles, quedando excluída, en consecuencia, do procedemento selectivo salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio co seu DNI, NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas.

3. A orde na que actuarán as persoas aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar conxuntamente, iniciarase alfabeticamente pola primeira da letra T, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda, do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2022).

4. Se a causa de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados, algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo ou realizar algún exercicio deste, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedasen aprazadas, sen que poidan demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal e, en todo caso, a realización das probas terá lugar antes da publicación da lista das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo.

II) Desenvolvemento dos exercicios e sistemas de cualificación.

1. Para a práctica dos exercicios da fases de oposición, que serán obrigatorios, os tribunais poderán requirirlles ás persoas aspirantes, en calquera momento, que acrediten a súa identidade. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluiráselle desta, tras a audiencia previa da persoa interesada. A exclusión será acordada pola Presidencia da Mancomunidade, a proposta do tribunal.

2. Os exercicios serán os que se sinalen para cada convocatoria específica, e coas seguintes regras xerais, sen prexuízo do previsto nas referidas convocatorias específicas:

Exercicios de tipo test: obrigatorio e non eliminatorio. Referiranse ás materias propias de cada praza, segundo os programas ou cuestionarios anexos. Valoraranse cun máximo de 60 puntos. Os test cualificaranse de forma matemática, asignando puntuación positiva aos acertos e non computando os erros, nin as preguntas deixadas en branco. As preguntas serán como mínimo as seguintes:

- Agrupacións profesionais: 20.

3. Os exames deberán elaborarse antes de realizarse a proba e tomarase como referencia para a súa elaboración o propio temario. Será exixible, no momento da realización das diferentes probas, o coñecemento da normativa en vigor que figure nos diferentes temarios descritos nas bases reguladoras específicas de cada praza. Non serán exixibles as modificacións ou

derogacións que se produzan trinta días antes da realización das diferentes probas.

4. De ser posible, garantirase o anonimato cos medios técnicos dos que dispón a Mancomunidade. Para garantir o anonimato na corrección dos exames escritos, ao finalizar a proba deberá introducirse nun sobre a documentación que acredite a autoría de cada un deles. Este sobre pecharase e selarase e sobre o precinto asinarán todas as persoas que formen parte do tribunal presentes. O sobre quedará baixo a custodia da secretaría do tribunal para a súa apertura en acto público que se realizará unha vez corrixidos os exames. Os exames escritos deberán dixitalizarse e incorporarse posteriormente ao correspondente expediente, creado no xestor de expedientes electrónicos da Mancomunidade Terra de Celanova.

5. A valoración dos exercicios, sempre e cando non consten normas expresas nas distintas prazas, realizarase nos exercicios tipo test, tendo en conta o previsto na letra 3 a) anterior.

Décimo segunda. Criterios de desempate

1. No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a. Estar ocupando na Mancomunidade Terra de Celanova a praza obxecto da convocatoria na mesma categoría profesional.

b. Maior antigüidade na ocupación dalgunha das prazas obxecto da convocatoria na mesma categoría profesional.

c. Estar ocupando na Mancomunidade Terra de Celanova algunha praza distinta das do obxecto desta convocatoria.

d. Estar ocupando en calquera outra administración pública ou empresa do sector público algunha praza na mesma categoría profesional que a do obxecto desta convocatoria.

e. As mulleres no suposto de existir infrarepresentación feminina no correspondente corpo, escala, grupo ou categoría. A infrarepresentación calcularase de acordo co previsto no artigo 49.2 do Decreto lexislativo 2/2015, do12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

f. A persoa de maior idade.

g. De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda, do 28 de xaneiro de 2022, (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2022).

2. A puntuación final e a orde de cualificación das persoas aspirantes que superasen as probas estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos exercicios da oposición e da fase de concurso, que será previa e non eliminatoria. A puntuación de cada persoa aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todas as persoas que formen parte do tribunal asistentes á sesión. A puntuación obtida pola persoa aspirante na fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición. As cualificacións das persoas aspirantes, en cada un dos exercicios, serán publicadas na sede electrónica da Mancomunidade no seguinte día hábil ao de realización da cualificación.

Décimo terceira. Publicación de resultados finais e presentación de documentos.

1. Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal publicará na páxina web da Mancomunidade Terra de Celanova (www.terradecelanova.es) a relación de persoas que superaron o procedemento por orde de puntuación final, con especificación da cualificación, e remitiralle a devandita relación ao presidente da Mancomunidade para os efectos da tramitación dos nomeamentos. O tribunal non poderá propoñer o nomeamento ou contratación dun número de persoas superior ao de prazas convocadas, agás cando así o determine a propia convocatoria. Con todo, sempre que se propuxesen o nomeamento de igual número de persoas aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de persoas aspirantes seleccionadas, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que resolve poderá requirir do tribunal unha relación complementaria de persoas aspirantes que sigan ás persoas propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no TREBEP .

2. A resolución de nomeamento ou contratación corresponderalle á Presidencia da Mancomunidade, de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e publicarase no Boletín Oficial da Provincia. A dita publicación determinará o inicio do cómputo do prazo para a interposición de reclamacións ou recursos que procedan.

3. As persoas aspirantes propostas presentarán no Rexistro Xeral da Mancomunidade Terra de Celanova, dentro do prazo de 20 días naturais contados a partir da publicación do resultado final na páxina web da Mancomunidade, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 4ª.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais do Estado ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial firme.

c) No suposto de ser nacional doutro estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou inhabilitado ou en situación equivalente nin constar sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) O certificado negativo do Rexistro Central de Penados e Rebeldes obterase por parte da persoa aspirante.

Décimo cuarta. Nomeamento e toma de posesión ou contratación

1. Agás nos casos de forza maior, se dentro do prazo indicado as persoas aspirantes propostas non presentasen a súa documentación ou non acreditasen reunir os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados para as prazas polo que quedarán sen efecto todas as actuacións realizadas e a Presidencia declarará a caducidade da proposta de nomeamento, tras a audiencia previa da persoa afectada, e sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsedade na solicitude para participar no proceso selectivo.

2. As persoas aspirantes nomeadas deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e se non o fixesen dentro do prazo sinalado, sen causa xustificada, perderán a condición de persoal funcionario e/ou todos os dereitos adquiridos en virtude do nomeamento. En todo caso, a declaración de caducidade do nomeamento efectuaraa a Presidencia da Mancomunidade, tras o expediente contraditorio con audiencia das persoas interesadas.

3. Nos supostos de caducidade dos nomeamentos ou das propostas de nomeamento, así como nos de renuncia, a Presidencia da Mancomunidade requirirá ao tribunal a formulación dunha nova proposta, que incluirá á persoa aspirante inmediatamente seguinte por orde de puntuación que superase todas as probas selectivas.

Décimo quinta. Incidencias

1. Estas bases e as súas convocatorias e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos, termos e

forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

Ademais, contra os acordos dos tribunais de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web e no taboleiro electrónico da Mancomunidade Terra de Celanova. O prazo quedará suspendido se a persoa aspirante solicita que se lle poña de manifesto o expediente, polo prazo que transcorra entre a solicitude e o día no que se lle poña de manifesto, establecéndose o prazo máximo de suspensión en 10 días hábiles. As reclamacións deberán ser resoltas polo tribunal de selección e deberán ser publicadas na páxina web e na sede electrónica da Mancomunidade, sen prexuízo da súa notificación ás persoas reclamantes. A publicación efectuarase xunto co anuncio do lugar e a data de realización do seguinte exercicio (salvo que sexa o último). Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

2. O tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, procurando, na media do posible, o anonimato das persoas aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas.

Décimo sexta. Retribucións das persoas seleccionadas

Ata tanto se inicie a efectiva prestación dos servizos, as persoas aspirantes non terán dereito a ningunha percepción económica.

Décimo sétima. Prazas que se convocan.

Sistema de selección.

Persoal Laboral Fixo

Denominación Da Praza; N.º. Vacantes; Quenda De Acceso

Auxiliar de axuda no fogar; 12; Concurso Oposición, Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Auxiliar de axuda no fogar; 18; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Bombeiro/a; 2; Concurso Oposición, Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Bombeiro/a; 8; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Chofer Recollida de Residuos/Rozadora; 3; Concurso Oposición, Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Chofer Recollida de Residuos/Rozadora; 9; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Mecanico/a; 1; Concurso Oposición, Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Operario/a de Planta de Residuos; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Peon/a Recollida de Residuos/Rozadora; 2; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Traballador/a Social; 6; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Educador/a Social; 2; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Psicopedagogo/a; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Tecnico/a en Dietética e Nutrición; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Instrutor/a Deportivo/a; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Tecnico/a de Inserción Laboral; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Axente de Emprego e Desenvolvemento Local; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Relacións Laborais; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Tecnico/a da Administración; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Auxiliar Administrativo; 3; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Décimo oitava. Dereitos de exame:

Os dereitos de exame serán os seguintes:

- Para as prazas de A2 - II: 55,00€
- Para as prazas do C2 - IV: 35,00€
- Para as prazas de agrupacións profesionais AP (E) – IV e V: 20,00€

O ingreso da taxa realizarase mediante ingreso na conta bancaria desta Mancomunidade núm. ES32 2080 5292 8231 1002 3267 segundo o disposto na Ordenanza fiscal reguladora das taxas por dereitos de exame vixente desta Mancomunidade. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais, a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.

Terán dereito á bonificación segundo reflexa a Ordenanza fiscal da taxa de dereitos de exame vixente da Mancomunidade Terra de Celanova os seguintes casos:

- Bonificación do 80 %.- As persoas rexistradas no INEM como demandantes de emprego, e que non perciban ningún subsidio, segundo certificado emitido polo INEM, o cal se acompañará á instancia de solicitude cunha antigüidade de polo menos 1 mes como demandante.
- Bonificación do 60%.- As persoas que perciban rendas inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

O importe das taxas de exame só serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos na Base cuarta, isto é, unicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

Décimo novena. Normas específicas para cada praza

Auxiliar de axuda no fogar

Grupo / Categoría laboral: AP (E) / V

N.º. de prazas: 30

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: De luns-domingo, incluídos festivos, cos descansos que legalmente procedan, para garantir as necesidades dos usuarios.

Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible:

Permiso de condución Tipo B

Título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Título de técnico/o en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Socio sanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003,

de 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou no seu caso calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Funcións a desempeñar: Nas funcións inclúense os desprazamentos aos domicilios particulares dos usuarios, e serán as propias do posto, prestando servizo de axuda domiciliaria, tanto en prestación básica como en dependencia. Con carácter xeral, desempeñaranse as funcións que lle son propias e que resultan da aplicación da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense número 80 do 7 de abril de 2014.

O traballo con carácter xeral realizarase conforme á titulación esixida, e baixo a dirección e supervisión da Coordinación de Servizos Sociais da Mancomunidade.

Sistema selectivo: 12 prazas por concurso-oposición

18 prazas por concurso

Concurso oposición, Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro (12 Prazas)

Fase concurso: as normas xerais da cláusula décimo primeira

Fase de oposición:

a. Exercicios:

1. Teórico-Escrito: test sobre as materias do temario: 20 preguntas. A valoración será de 0 a 60 puntos (base décimo primeira).Tempo de desenvolvemento: corenta e cinco minutos.

b. Temario:

1. A Constitución Española de 1978. Título Preliminar.

2. Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de axuda no fogar na comunidade autónoma de Galicia.

3. Normativa que regula o servizo de axuda no fogar. Ordenanza municipal reguladora do Servizo de axuda no fogar da Mancomunidade Terra de Celanova, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense número 80 do 7 de abril de 2014.

4. Servizo de axuda no fogar no marco do sistema para a Autonomía persoal e a Atención á dependencia.

5. Dereitos das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

6. Deberes das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

7. A mobilización dos enfermos: pautas xerais e movementos a realizar.

8. Hixiene e aseo persoal a persoas maiores e dependentes.

9. Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas maiores e dependentes.

10. Nutrición, dietética e alimentación de persoas maiores e dependentes.

11. Funcións a realizar por unha auxiliar de axuda no fogar.

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (18 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Bombeiro/a

Grupo / Categoría Laboral: AP (E) - IV

N.º. de prazas: 10

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: De luns-domingo, incluídos festivos, cos descansos que legalmente procedan, para garantir as necesidades do servizo.

Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible:

Título de graduado escolar, graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

Permiso de condución C

Funcións a desempeñar: 1. As funcións xerais son inherentes á totalidade dos postos de traballo e, entre elas, destacan as seguintes:

- Informar e atender ao cidadán ou ao resto de empregados, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.
- Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria utilizados.
- Manexar os computadores e aplicativos informáticos e tecnolóxicos necesarios para o correcto desempeño do posto de traballo.
- Cumprimentar as actividades nos prazos e calidades previstas.
- Asistir a cantas reunións de traballo sexa convocado durante a súa xornada de traballo.
- Tratar de resolver cantos problemas xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional, poñendo en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.
- Asumir o réxime de suplencia establecido.
- Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.
- Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal, de transparencia e acceso á información pública e de políticas de seguridade na utilización de medios electrónicos.
- Realizar todas as funcións legal e/o regulamentariamente establecidas.

2. Funcións específicas:

- Desenvolver os traballos de carácter preventivo para evitar circunstancias que provoquen unha situación de emerxencia.
- Realizar labores de extinción de incendios, co consecuente manexo de materias perigosas, no seu caso, que requiran a activación dos protocolos correspondentes.
- Realizar labores de rescate, procura e salvamento de persoas ou animais en situación de emerxencia, sinistros e fenómenos meteorolóxicos adversos. Así como retiradas de elementos externos de edificios, traballos en altura.
- Apoiar ao cidadán en incidentes cotiáns.
- Utilizar os equipos radio-transmisores.
- Conducir as unidades contra incendios e/ou de emerxencia.
- Aplicar primeiros auxilios a persoas afectadas.

Sistema selectivo: 2 prazas por concurso-oposición

8 prazas por concurso

Concurso oposición, Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro (2 Prazas)

Fase concurso: as normas xerais da cláusula décimo primeira

Fase de oposición:

a. Exercicios:

1. Teórico-Escrito: test sobre as materias do temario: 20 preguntas. A valoración será de 0 a 60 puntos (base décimo primeira).Tempo de desenvolvemento: trinta minutos.

b. Temario:

1. Lei do Sistema Nacional de Protección Civil, Lei 17/2015, do 9 de xullo.

2. Plans de Emerxencia aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

• PLATERGA (Plan Territorial de Emerxencias de Galicia)

• Plans Especiais

• INUNGAL (Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia)

• PEIFOGA (Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia)

• TRANSGAL (Plan especial de Protección Civil fronte a emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril en Galicia)

• SISMIGAL (Plan especial fronte ao risco sísmico en Galicia)

3. Rescate en espazos en altura.

4. Rescate en espazos confinados.

5. Rescate en accidentes de tráfico e outros medios de transporte.

6. Salvamento de persoas no medio acuático.

7. Soporte vital básico.

8. Intervención en incendios en presenza de electricidade.

9. Control e extinción de incendios de interior.

10. Control e extinción de incendios industriais.

11. Operacións de extinción de incendios forestais.

12. Intervención en emerxencias con substancias perigosas.

13. Intervención en emerxencias por fenómenos meteorolóxicos adversos.

14. Intervención en estruturas colapsadas e afundimentos do terreo.

15. Apeos, apontoamentos e saneamentos.

16. Operacións de achique de auga.

17. Liberación de persoas en ascensores e maquinaria pesada.

18. Actuación con persoas con enfermidade mental e suicidas.

19. Rescate de animais.

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (8 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario Ningún.

Chofer recollida de residuos /rozadora

Grupo / Categoría Laboral: AP (E) - IV

N.º. de prazas: 12

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: De luns-domingo, incluídos festivos, cos descansos que legalmente procedan, para garantir as necesidades dos usuarios.

Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Título de graduado escolar, graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

Permiso de condución C e CAP para 10 chofer recollida residuos

Permiso de condución B para 2 chófer rozadora

Funcións a desempeñar: 1. As funcións xerais son inherentes á totalidade dos postos de traballo e, entre elas, destacan as seguintes:

- Informar e atender ao cidadán ou ao resto de empregados, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.
- Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria utilizados.
- Cumprimentar as actividades nos prazos e calidades previstas.
- Asistir a cantas reunións de traballo sexa convocado durante a súa xornada de traballo.
- Tratar de resolver cantos problemas xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional, poñendo en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.
- Asumir o réxime de suplencia establecido.
- Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.
- Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Realizar todas as funcións legal e/o regulamentariamente establecidas.

2. Funcións específicas

- Conducir os vehículos de RSU para o traslado de materiais seguindo unha ruta e un horario previamente establecido polos seus superiores xerárquicos. A prestación de servizo de recollida abrangue a fracción resto, a de envases lixeiros, vidro e papel e cartón cos vehículos recolectores de carga traseira, lateral e con guindastre.
- Coidar e manter a adecuada limpeza e posta a punto dos vehículos de recollida de RSU e tractor rozadora e verificar o estado técnico do vehículo e os seus equipos auxiliares.
- Realizar nos vehículos e maquinaria o mantemento preventivo que resulte necesario sempre que para a súa execución non se requira unha especial cualificación.
- Execución do proceso de descarga ou baleirado do lixo no vehículo de recollida de RSU e transporte e descarga do contido do vehículo de recollida á planta de transferencia ou xestor autorizado e baleirado do lixo nas instalacións.
- Elaboración de partes de incidencias observadas no parque de contedores e comunicación destas ao encargado e elaboración de partes diarios de recollida.
- Conducir os equipos destinados ao lavado periódico de contedores.
- Responsabilizarse das comunicacións que o equipo haxa de ter co encargado ou os servizos centrais da Mancomunidade.
- Efectuar partes de traballo co modelo de sistema establecido pola Mancomunidade.
- Verificar a separación de contedores realizada segundo criterio establecido.
- Responsabilizarse do bo funcionamento dos instrumentos de traballo (vehículos,maquinaria, aparellos de codificación, teléfonos móbiles, GPS...).
- Comunicar ao mecánico calquera dano ou avaría que poida sufrir o vehículo.
- Reposición de combustible aos vehículos.
- Responsabilizarase do vehículo asignado.
- Limpeza do vehículo/material ao finalizar o servizo.
- Manexo de ferramentas específicas.
- Condución, manexo e control de vehículos e maquinaria que lle sexan subministradas para a execución e desempeño dos traballos encomendados de desbroce.
- Colocación e retirada de vallas, sinalización viaria e outros elementos portátiles ou temporais.
- Transporte de materiais e equipos, utilizando para elo os medios adecuados.

- Recollida manual, carga e descarga de materiais e lixo, así como realización de labores de almacenamento do mesmo.
- Realizar outras tarefas que, en coherencia, coas súas capacidades e aptitudes profesionais, lle sexan encomendadas de cara á consecución dos obxectivos establecidos pola entidade.

Sistema selectivo: 3 prazas por concurso-oposición

9 prazas por concurso

Concurso Oposición, Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro (3 Prazas)

Fase concurso: as normas xerais da cláusula décimo primeira

Fase de oposición:

a. Exercicios:

1. Teórico-Escrito: test sobre as materias do temario: 20 preguntas. A valoración será de 0 a 60 puntos (base décimo primeira).Tempo de desenvolvemento: trinta minutos.

b. Temario:

Tema 1. A Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria. O Regulamento Xeral de Condutores.

Tema 2. Mecánica (I). Motores. Sistemas, características, funcionamento e mantemento dos sistemas de: Iluminación, Alimentación, Distribución, Lubricación, Refrixeración, Sistema Eléctrico, Transmisión, Suspensión, Dirección e Freado. Rodas pneumáticos.

Tema 3. Permisos e licenzas de condución, clases. Nulidade, anulación, renovación, intervención e suspensión dos permisos e licenzas de condución. Rexistro central de condutores e infractores. Documentos necesarios para circular. O seguro obrigatorio de vehículos de motor.

Tema 4. Inspección Técnica de Vehículos: inspeccións periódicas. Resultado das inspeccións. Reformas de importancia.

Tema 5. Tacógrafos: Concepto e clases. Vehículos para os que é obrigatorio o uso do tacógrafo. Tempos máximos de condución. Tempos mínimos de descanso.

Tema 6. Conceptos xerais sobre sistemas de recollida de residuos.

Tema 7. Elementos e coñecementos da recollida de residuos.

Tema 8. Vehículos, ferramentas e material para a recocida de residuos. Descrición e modo de emprego.

Tema 9. Sistemas de recollida. Organización, medios e clases do servizo.

Tema 10. Retirada de residuos. Clasificación.

Tema 11. Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador. Prevención de accidentes.

Tema 12. O tractor agrícola. Manexo, axustes.

Tema 13. Mantemento de tractor agrícola. Avarías máis comúns.

Tema 14. O tractor. Partes, funcionamento e avarías máis comúns.

Tema 15. Rozadora de brazo. Partes, funcionamento e avarías.

Tema 16. Rozadora manual. Partes, funcionamento e avarías.

Tema 17. Dotación dos vehículos: placas, sinais, distintivos nos vehículos, accesorios, repostos e ferramentas que deben levar os vehículos.

Tema 18. A igualdade efectiva de mulleres e homes.

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (9 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Mecánico/a

Grupo / Categoría Laboral: AP (E) - V

N.º. de prazas: 1

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Técnico en Electromecánica de vehículos automóbiles ou equivalente

Funcións a desempeñar: A. As funcións xerais son inherentes á totalidade dos postos de traballo e, entre elas, destacan as seguintes:

1. Informar e atender ao cidadán ou ao resto de empregados, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.
2. Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria utilizados.
3. Cumprimentar as actividades nos prazos e calidades previstas.
4. Asistir a cantas reunións de traballo sexa convocado durante a súa xornada de traballo.
5. Tratar de resolver cantos problemas xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional, poñendo en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.
6. Asumir o réxime de suplencia establecido.
7. Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.
8. Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal.
9. Realizar todas as funcións legal e/o regulamentariamente establecidas.

B. Funcións específicas

1. Realizar operacións mecánicas de mantemento preventivo e correctivo nos equipos e vehículos do parque móbil dando conta o seu responsable de calquera incidencia que poida xurdir.
2. Propoñer melloras de garantan unha maior eficacia e eficiencia dos equipos mecánicos da entidade.
3. Supervisar os traballos realizados polos axudantes dando conta o seu superior xerárquico.
4. Realizar operacións mecánicas en equipos, vehículos e elementos de nova construción.
5. Realizar operacións de reparación e mantemento dos equipos mecánicos de calquera outra instalación interna ou externa da entidade, colaborando con outros equipos do taller.
6. Realizar as tarefas relacionadas co posto fora do taller de maquinaria cando a emerxencia ou natureza da reparación así o requira.
7. Realizar operacións de carga e descarga de material.
8. Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas necesarios para realizar o seu cometido.
9. Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento da Mancomunidade.

Sistema selectivo: 1 praza por concurso-oposición

Concurso Oposición, Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro (1 Prazas)

Fase concurso: as normas xerais da cláusula décimo primeira

Fase de oposición:

a. Exercicios:

1. Teórico-Escrito: test sobre as materias do temario: 20 preguntas. A valoración será de 0 a 60 puntos (base décimo primeira) .Tempo de desenvolvemento: corenta e cinco minutos.

b. Temario:

Tema 1.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Lei 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Tema 2.- Coñecemento, distribución e funcionamento das distintas zonas do taller, equipos de reparación, máquinas-ferramenta e ferramentas.

Tema 3.- Motores térmicos. Tipos, ciclos, parámetros e curvas características, elementos construtivos.

Tema 4.- Motores térmicos. A renovación da carga, sistema de lubricación e sistema de refrixeración.

Tema 5.- Motores térmicos. Sistemas de alimentación e sobrealimentación.

Tema 6.- Motores térmicos. Sistemas anticontaminación.

Tema 7.- Circuítos pneumáticos en vehículos e maquinaria.

Tema 8.- Circuítos hidráulicos en vehículos e maquinaria.

Tema 9.- Transmisión de forzas en vehículos e maquinaria. Embrague. Convertedor. Caixa de cambios.

Tema 10.- Cadea cinemática da transmisión en vehículos e maquinaria.

Tema 11.- Sistemas de suspensión en vehículos e maquinaria.

Tema 12.- Sistemas de dirección en vehículos e maquinaria.

Tema 13.- Sistemas de freos en vehículos e maquinaria.

Tema 14.- Sistemas de seguridade activa en vehículos e maquinaria.

Tema 15.- Rodas, pneumáticos e trens de rodaxe en vehículos e maquinaria.

Tema 16.- Sistemas eléctricos de vehículos e maquinas. Arranque do motor. Sistemas de carga eléctrica.

Tema 17.- Sistemas eléctricos de vehículos e maquinas. Sistemas de iluminación e sinalización. Dispositivos eléctricos do habitáculo.

Tema 18.- Sistemas eléctricos de vehículos e maquinas. Redes multiplexadas.

Tema 19.- Principios xerais de vehículos híbridos e eléctricos.

Tema 20. Marco legal de prevención de riscos laborais: Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención). Riscos laborais nos traballos.

Operario/a de planta de residuos

Grupo / Categoría Laboral: AP (E) - IV

N.º. de prazas: 1

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Título de graduado escolar, graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

Funcións a desempeñar: A. As funcións xerais son inherentes á totalidade dos postos de traballo e, entre elas, destacan as seguintes:

1. Informar e atender ao cidadán ou ao resto de empregados, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.

2. Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria utilizados.

3. Cumprimentar as actividades nos prazos e calidades previstas.

4. Asistir a cantas reunións de traballo cando sexa convocado durante a súa xornada de traballo.

5. Tratar de resolver cantos problemas xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional, poñendo en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.

6. Asumir o réxime de suplencia establecido.

7. Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.

8. Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal.

9. Realizar todas as funcións legal e/o regulamentariamente establecidas.

B. Funcións específicas

1. Condución de vehículos que lle sexan asignados.

2. Posta a punto e mantemento dos mesmos, inclusive revisións ITV ou outros controis legais ou regulamentarios.

3. Conservación dos edificios asignados para a súa labor.

4. Albanelería, fontanería e pintura.

5. Transporte de persoas, materiais ou equipos utilizando para elo os medios adecuados.

6. Manexo de diversa maquinaria e ferramentas.

7. Traslados de cargas o mobiliario.

8. Realización de todo tipo de traballos relacionados coa actividade de mantemento preventivo e/ou correctivo de edificios, equipamentos e instalacións, con completo dominio do oficio e suficiente grado de perfección, calidade, eficacia e adecuado acabado dos traballos, utilizando os medios e equipamentos adecuados.

9. Traballos de reparación nas instalacións, equipos ou materiais ao seu cargo.

10. Avaliación previa dos materiais necesarios para o desenrolo da súa función e do seu equipo de traballo, así como a petición dos mesmos, se procede aos servicios competentes.

11. Transporte de material e equipos, utilizando para elo os medios adecuados.

12. Control, conservación e limpeza do material ao seu cargo.

13. En xeral, calquera outra tarefa afín á categoría do posto e semellantes ás anteriormente descritas, que lle sexan encomendadas polos seus superiores xerárquicos e resulten precisas por razón do servizo.

14. Mantemento básico de maquinaria e reparación de materiais e das instalacións.

15. Control de stocks de seguridade a efectos de comunicación aos seus superiores xerárquicos para a reposición dos mesmos.

16. Control e organización dos locais baixo chave, onde se almacenen materiais, aparatos e instrumental de utilización no centro que ten encomendado.

17. Recepción de bens almacenables e organización da distribución de material, equipos e ou instrumental, utilizando para elo os medios adecuados.

18. Realización de inventarios (por medios informáticos ou de calquera outro tipo) e proposta, no seu caso, de adquisicións (especialmente no referido a material funxible) cando resulte necesario.

19. Coordinación do persoal ao seu cargo.

Sistema selectivo: 1 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (1 praza)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Peon/a recollida de residuos/rozadora

Grupo / Categoría Laboral: AP (E) - V

N.º. de prazas: 2

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: De luns-domingo, incluídos festivos, cos descansos que legalmente procedan, para garantir as necesidades dos usuarios.

Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Título de graduado escolar, graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

Funcións a desempeñar: A. As funcións xerais son inherentes á totalidade dos postos de traballo e, entre elas, destacan as seguintes:

1. Informar e atender ao cidadán ou ao resto de empregados, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.

2. Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria utilizados.

3. Cumprimentar as actividades nos prazos e calidades previstas.

4. Asistir a cantas reunións de traballo sexa convocado durante a súa xornada de traballo.

5. Tratar de resolver cantos problemas xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional, poñendo en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.

6. Asumir o réxime de suplencia establecido.

7. Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.

8. Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal.

9. Realizar todas as funcións legal e/o regulamentariamente establecidas.

B. Funcións específicas

1. Execución do proceso de carga no vehículo ou baleirado do colector no vehículo de recollida de RSU.

2. Coidar e manter a adecuada limpeza e posta a punto dos vehículos de recollida de RSU e rozadora e verificar o estado técnico do vehículo e os seus equipos auxiliares.

3. Realizar nos vehículos e maquinaria o mantemento preventivo que resulte necesario sempre que para a súa execución non se requira unha especial cualificación.

4. Execución do proceso de descarga ou baleirado do lixo no vehículo de recollida de RSU e transporte e descarga do contido do vehículo de recollida á planta de transferencia ou xestor autorizado e baleirado do lixo nas instalacións.

5. Elaboración de partes de incidencias observadas e comunicación destas ao superior.

6. Conducir os equipos destinados ao lavado periódico de contedores.

7. Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento da Mancomunidade.

8. Responsabilizarse das comunicacións que o equipo haxa de ter co superior ou os servizos centrais da Mancomunidade.

9. Efectuar partes de traballo co modelo de sistema establecido pola Mancomunidade.

10. Verificar a separación de contedores realizada.

11. Responsabilizarse do bo funcionamento dos instrumentos de traballo (vehículos, rozadoras, aparellos de codificación, teléfonos móbiles, GPS...).

12. Comunicar ao mecánico calquera dano ou avaría que poidan sufrir os vehículos ou materiais.

13. Utilizar os mecanismos externos do que dispón o vehículo de recollida de residuos.

14. Manexo de rozadora de man.

15. Cargar os contedores no elevador e deixalos no seu lugar despois de descargalos.

16. Limpar o vehículo ao finalizar o servizo.

17. Colocación e retirada de vallas, sinalización viaria e outros elementos portátiles ou temporais.

18. Transporte de materiais e equipos, utilizando para elo os medios adecuados.

19. Recollida, carga e descarga de materiais, así como realización de labores de almacenamento do mesmo.

20. Realizar outras tarefas que, en coherencia, coas súas capacidades e aptitudes profesionais, lle sexan encomendadas de cara á consecución dos obxectivos establecidos pola entidade.

Sistema selectivo: 2 prazas por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (2 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Traballador/a social

Grupo / Categoría Laboral: A2 - II

N.º. de prazas: 6

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Grao en Traballo Social ou equivalente

Permiso de conducir Tipo B

Funcións a desempeñar: As funcións a desenvolver na praza de traballador/a social serán as propias da súa categoría laboral en termos xenéricos e, en especial, as seguintes:

1. Xestión dos Servizos Sociais municipais dos Concellos pertencentes a Mancomunidade.

2. Detección, coñecemento e valoración das necesidades sociais e recursos existentes nos municipios, a través da observación, atención da demanda e a investigación.

3. Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectados.

4. Avaliación de problemas e derivación para a atención dos mesmos cara os distintos servizos existentes cando así o requira o caso.

5. Promoción da toma de conciencia polas comunidades e individuos dos seus problemas, facilitándolle a participación nas tarefas comunitarias, impulsando o asociacionismo e fomentando actitudes e conciencia solidaria.

6. Promoción do desenvolvemento local a través de información e orientación individual e colectiva, así como apoio ós grupos portadores de iniciativas, negociación con empresarios, e tódalas accións que impliquen a incentivación socio-económica do municipio.

7. Axuda a integración de individuos, familias e grupos que o precisen, favorecendo a reinserción social.

8. Información, asesoramento, orientación e intervención técnica para resolución das situacións de necesidade e conflito.

9. Xestión e tramitación administrativa de fontes de financiamento, recursos e prestacións (créditos dos orzamentos das diferentes Administracións Públicas, recursos en concepto de copagamento dos servizos das persoas usuarias, así como doutras achegas públicas ou privadas).

10. Xestión do Servizo de Axuda no Fogar.

11. Apoio á realización de campañas institucionais doutros servizos relacionados.

12. Tramitación de axudas e subvencións relacionadas co ámbito dos servizos sociais.

13. Asesoramento e información á veciñanza en materia de axudas, subvencións e prestacións (RISGA, plan concertado, etc.).

14. Atención ao público en materia do seu ámbito de actuación.

15. Manexo de aplicacións informáticas relacionadas co ámbito da xestión dos servizos sociais: Servizo Galego de Atención á

Dependencia (SIGAD), Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), Historia Social Única Electrónica (HSUE).

16. Atención telefónica en materia do seu ámbito de actuación.

17. Asesoramento en materia de información xuvenil (axudas, subvencións, Garantía Xuvenil, OMIX, etc.).

18. Redacción de informes e reportes coa ferramenta SIUSS.

19. Outras funcións directamente relacionadas que lle poidan ser encomendadas polo seu superior xerárquico.

Sistema selectivo: 6 prazas por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (6 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Educador/a social

Grupo / Categoría Laboral: A2 - II

N.º. de prazas: 2

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Grao en Educación Social ou equivalente

Permiso de conducir Tipo B

Funcións a desempeñar: As funcións a desenvolver na praza de educador/a social serán as propias da súa categoría laboral en termos xenéricos e, en especial, as seguintes:

1. Prevención, detección e intervención de situacións de risco ou de exclusión social personalizada para familias con diferentes necesidades.

2. Recepción e análise das demandas, desde o medio aberto e a través de entidades, institucións e outros servizos, de persoas e familias en situación de risco e/o dificultade social.

3. Intervención educativa na comunidade, poñendo especial énfase na colaboración con outros programas comunitarios que primen a inserción social dos membros da familia en contextos do aprendizaxe.

4. Detección temperá de necesidades educativas nas familias, atendendo á especial relación de coordinación coas escolas infantís e os centros educativos da Mancomunidade.

5. Deseño, posta en marcha e avaliación dos proxectos individualizados de intervención social coas familias.

6. Información, orientación e asesoramento, das prestacións e os recursos sociais do territorio que poden facilitar a acción socioeducativa.

7. Implementación e avaliación das accións de apoio para reforzar o compoñente socioeducativo da intervención en calquera idade do usuario, e prioritariamente coas persoas que teñen especiais dificultades no seu proceso de socialización.

8. Emisión de informes sociofamiliares onde se recollan os datos da intervención profesional levada a cabo coa familia.

9. Coordinación con outros axentes que se relacionen coas familias dende outros ámbitos.

10. Tramitación e seguimento das prestacións individuais, como apoio nos procesos de desenvolvemento das capacidades persoais e de inserción social no medio.

11.Tramitación de propostas de derivación a outros profesionais, servizos municipais ou servizos especializados, de acordo con o resto de membros do equipo.

12. Incorporación da perspectiva de xénero no traballo realizado coas familias.

13. Promoción do acceso das familias ás redes e recursos comunitarios.

14.Visitas domiciliarias ós usuarios.

15. Animador Sociocultural.

16. Xestión e coordinación do Servizo de Axuda no Fogar

- Avaliar as necesidades das persoas atendidas no domicilio en colaboración con outros profesionais dos servizos sociais de base.
- Realizar visitas domiciliarias co/a traballador/a social para definir o plan de atención da persona, cos obxetivos que se queren lograr.
- Coordinar e planificar os servizos das persoas atendidas, detallando un plan de traballo.
- Alta servizo e proposta de intervención.
- Introdución de datos en plataformas loxísticas.
- Supervisión do traballo das/os auxiliares de axuda no fogar.
- Informar, orientar e asesorar ós/ás usuarios/as do Servizo, así como tamén ás/ós auxiliares de axuda no fogar.
- Distribuír as tarefas entre o persoal traballador, facilitando o equilibrio de cargas de traballo e a optimización do servizo.
- Dar apoio técnico ós/ás profesionais de atención directa sobre tarefas asistenciais, educativas y socializadoras, e tamén, con relación á detección de situacións de risco e/ou de deterioro da persoa.
- Solicitar e realizar procesos de selección de auxiliares do servizo.
- Asistir a reunións de coordinación periódicas.
- Realizar coordinación cos outros servizos non pertencentes á Mancomunidade de Celanova (CHUO, centros de saude, farmacias, ...)

Sistema selectivo: 2 prazas por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (2 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Psicopedagogo/a

Grupo / Categoría Laboral: A2 - II

N.º. de prazas: 1

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Grao en Psicopedagoxía ou equivalente

Permiso de conducir Tipo B

Funcións a desempeñar: 1. Atención á diversidade.

2. Asesoramento ás familias.

3. Definición de proxectos.

4. Ofrecemento de recursos.

5. Orientación ós individuos.

6. Xestión e coordinación do Servizo de Axuda no Fogar

- Avaliar as necesidades das persoas atendidas no domicilio en colaboración con outros profesionais dos servizos sociais de base.
- Realizar visitas domiciliarias co/a traballador/a social para definir o plan de atención da persoa, cos obxetivos que se queren lograr.
- Coordinar e planificar os servizos das persoas atendidas, detallando un plan de traballo.
- Alta servizo e proposta de intervención.
- Introdución de datos en plataformas loxísticas.
- Supervisión do traballo das/os auxiliares de axuda no fogar.
- Informar, orientar e asesorar ós/ás usuarios/as do Servizo, así como tamén ás/ós auxiliares de axuda no fogar.
- Distribuír as tarefas entre o persoal traballador, facilitando o equilibrio de cargas de traballo e a optimización do servizo.

- Dar apoio técnico ós/ás profesionais de atención directa sobre tarefas asistenciais, educativas y socializadoras, e tamén, con relación á detección de situacións de risco e/ou de deterioro da persoa.
- Solicitar e realizar procesos de selección de auxiliares do servizo.
- Asistir a reunións de coordinación periódicas.
- Realizar coordinación cos outros servizos non pertencentes á Mancomunidade de Celanova (CHUO, centros de saúde, farmacias, ...)

Sistema selectivo: 1 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (1 praza)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Técnico/a en dietética e nutrición

Grupo / Categoría Laboral: A2 - II

N.º. de prazas: 1

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Técnico superior en dietética ou título equivalente

Permiso de condución Tipo B

Funcións a desempeñar: 1. Corresponde ao persoal dietista-nutricionista desenvolver, con carácter xeral, actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás necesidades fisiolóxicas e, no seu caso, patolóxicas das mesmas, e de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

2. Realizar valoracións do estado nutricional.

- Nutrición infantil: Avaliación da condición física nos centros educativos.
- Nutrición en saúde pública: Avaliación da condición física nos centros de saúde.

3. Dar soporte na prescrición de dietas e recomendacións alimentarias.

4. Identificar os factores de risco e as prácticas dietéticas inadecuadas, mediante cuestionarios de cribado e rexistros dietéticos.

5. Colaborar no soporte nutricional domiciliario nas funcións que lle son propias.

6. Elaborar dietas estandarizadas.

7. Participar en programas de información e educación alimentaria e nutricional, preventivos ou terapéuticos, e outras accións e intervencións no ámbito da saúde comunitaria.

8. Participar na coordinación, en materia de dietética e nutrición, entre os niveis educativos.

9. Realizar unha actividade estatística en clave de igualdade e/o violencia de xénero.

10.Calquera outra función que se corresponda co conxunto de aptitudes e capacidades que derivan da titulación de Técnico Superior en Dietética.

11. Colaborar na adecuación dos sistemas de alimentación establecidos en cada centro educativo e na elaboración do manual ou código de dietas.

12. Realizar o deseño, a confección e o seguimento das dietas especiais ou personalizadas á poboación.

13. Realizar valoracións do estado nutricional.

14. Participar na coordinación e a relación do servizo de promoción da saúde coa área de traballo de hostalería e alimentación.

15. Calcular necesidades nutricionais.

16. Elaborar protocolos de seguimento, control e avaliación nutricional.

17. Participar na elaboración dun plan de intervención individual segundo a patoloxía e prescrición nutricional.

18. Participar na indicación do soporte nutricional.

19. Informar ao/á paciente das características da dieta/pauta nutricional prescrita.

20. Participar na coordinación, en materia de dietética e nutrición, entre os niveis asistenciais.

Sistema selectivo: 1 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (1 praza)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Instrutor/a deportivo/a

Grupo / Categoría Laboral: A2 - II

N.º. de prazas: 1

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente

Permiso de condución Tipo B

Funcións a desempeñar: As funcións a desenvolver na praza de instrutor/a deportivo/a serán as propias da súa categoría laboral en termos xenéricos e, en especial, as seguintes:

1. Planificar, programar, executar, coordinar e avaliar as tarefas propias da súa titulación e especialidade.

2. Planificar, organizar, coordinar e avaliar o programa anual deportivo da zona asignada de acordo con as directrices técnicas do departamento de promoción de saúde.

3. Realizar ditames, informes, etcétera, de carácter técnico relacionado co seu posto de traballo e especialidade.

4. Realizar recoñecementos e valoracións de condición física, seguindo o protocolo, planificación e obxectivos fixados.

5. Supervisar, desenvolver e executar as actividades e procedementos administrativos asignados á súa sección, así como realizar o seguimento dos mesmos.

6. Organizar todos os medios e recursos dispoñibles para poder alcanzar os obxectivos fixados nos programas de actuación.

7. Coordinar cos responsables doutras áreas que estean implicadas nos proxectos e programas de planificación e desenvolvemento da sección correspondente.

8. Informar puntualmente ao superior e propoñer as medidas correctoras necesarias.

9. Utilizar todos os medios de comunicación e informáticos que se implanten para a mellor orientación do servizo.

10. Garantir a seguridade das persoas ao seu cargo no seu posto de traballo, os bens e o medio ambiente, así como a mellora de condicións de traballo, xerando propostas.

11. Apoiar e asesorar tecnicamente aos directores de unidades deportivas que conforman a mancomunidade.

12. Analizar e propoñer melloras dos sistemas de traballo utilizados na zona asignada.

13. Realización das tarefas propias da súa categoría profesional de acordo cos protocolos e a organización da demanda no centro onde se presten os seus servizos en consonancia co programa de promoción de saúde.

14. Divulgar, promover e aplicar o papel preventivo-recuperador e educativo das tarefas físicas ou deportivas desenvolvidas coa intención de mellorar os parámetros de saúde.

15. Capacitar ou educar os patróns motores xerais e específicos para facilitar un estado de benestar óptimo para manter ou mellorar a calidade de vida.

16. Proporcionar un servizo de promoción de saúde adaptado ás necesidades actuais dos usuarios.

17. Velar pola igualdade entre homes e mulleres.

18. Colaborar nas actividades deportivas, no plano de asesoramento aos encargados das devanditas funcións.

Sistema selectivo: 1 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (1 praza)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Técnico/a de inserción laboral

Grupo / Categoría Laboral: A2 - II

N.º. de prazas: 1

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Diplomado Universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grado universitario

Funcións a desempeñar: 1. Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil ocupacional da persoa demandante de emprego: comprenderá a atención específica a esta co obxecto de identificar, coa participación e compromiso da persoa demandante, os seus recursos para o emprego, compostos polas súas habilidades, competencias, formación e experiencia, os seus intereses, as súas circunstancias persoais en relación co acceso ao emprego e as posibles oportunidades profesionais, así como outras variables relevantes para a elaboración do seu perfil e a súa clasificación en función da súa dispoñibilidade, da súa ocupabilidade, da súa empregabilidade e da evolución ao longo da súa busca activa de emprego.

2. Deseño do itinerario personalizado para o emprego: consistirá na elaboración coa participación e o compromiso da persoa demandante, conforme as metodoloxías e coas ferramentas que en cada momento se determinen desde a Dirección Xeral de Formación e Colocación, do proceso que se considere máis axeitado para o seu acceso ao emprego de acordo co seu perfil, situación do mercado laboral no seu ámbito de busca, necesidades e expectativas, a través de criterios técnicos e estatísticos atendendo a aspectos cuantitativos e cualitativos de relevancia obxectiva, incluíndo as principais actuacións acordadas e o calendario de realización pactado coa persoa demandante, que deberá asumir un papel de protagonismo fundamental en todo o proceso, así como os elementos de verificación e seguimento.

3. Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario e o cumprimento do compromiso de actividade: consistirá no seguimento individual e personalizado por parte dunha persoa que exerza as funcións de titoría e orientación das actuacións que a persoa usuaria vaia levando a cabo na execución do seu itinerario, a revisión e actualización deste e a fixación e supervisión do cumprimento de fitos, etapas e obrigas. Para isto poderá planificarse, de acordo coa persoa orientada e co seu perfil competencial, o uso de medios telemáticos de entre os postos á disposición pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, para unha interacción mellor e maior, así como máis rápida e continuada coa persoa demandante durante o desenvolvemento do proceso, como complemento ás sesións presenciais acordadas.

4. Deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral que poidan ser de interese, en función dos perfís das persoas orientadas, tanto para mellorar a eficiencia do servizo como para fomentar a interrelación e o intercambio de experiencias entre elas.

5. Asesoramento e axuda técnica adicional para:

- A definición do seu currículo, que reflicta o seu perfil profesional en termos de competencias profesionais: comprenderá a información e asesoramento persoal, grupal ou xeral ás persoas usuarias, así como a provisión de instrumentos e técnicas de axuda para a elaboración do seu currículo personalizado ou o uso de novas ferramentas de presentación profesional a través do uso das TIC.
- A aplicación de técnicas para a procura activa de emprego: terá en conta a provisión de información e o manexo básico dos medios, técnicas e ferramentas accesibles para a procura de emprego por conta allea, con especial atención ao uso da internet para a procura de emprego, sempre que o perfil competencial da persoa demandante así o recomende.

6. Información e asesoramento adicional sobre:

- A situación do mercado de traballo e as políticas activas de emprego que lles poidan resultar de utilidade ás persoas demandantes de emprego para incrementar as súas posibilidades de empregabilidade.
- A oferta formativa e os programas que faciliten a mobilidade para a formación e cualificación europeas.
- A posta en marcha de proxectos emprendedores ou de emprego autónomo, así como os recursos de apoio de todo tipo dispoñibles no seu contorno para un asesoramento ou acompañamento máis especializado.

7. Apoio á xestión da mobilidade laboral.

- Coordinación e colaboración co resto de persoal de orientación laboral e coa Rede de técnicos de emprego de Galicia para o intercambio de información e boas prácticas no eido do emprego, o emprendemento e a análise e prospección do mercado laboral.
- Mellora continuada das súas propias competencias e recursos profesionais para a orientación laboral a través da participación nas accións de formación e capacitación específicas que se determinen desde a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Sistema selectivo: 1 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (1 praza)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Axente de emprego e desenvolvemento local

Grupo / Categoría Laboral: A2 - II

N.º. de prazas: 1

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Diplomado Universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao universitario

Funcións a desempeñar: As funcións a desenvolver na praza de Axente de emprego e desenvolvemento local serán as propias da súa categoría laboral en termos xenéricos e , en especial, as seguintes:

1. Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles persoas

emprendedoras, así como prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.

2. Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotoras e emprendedoras, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara a promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.

3. Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

4. Apoio ás persoas promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

5. Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

6. Tramitación e xestión de subvencións e axudas, Convenios, Xestión bolsa de emprego, Accións de orientación e información laboral, procedementos de contratación, procedementos de selección de persoal.

7.Xestión de axudas a contratación de persoal desempregado e tramitacións ante os servizos de emprego, obradoiros e talleres de emprego, así como, plans anuais de obras e servizos.

8. Deberá tamén desempeñar tarefas administrativas de todo tipo e normalmente de trámite e colaboración seguindo os procedementos establecidos e as indicacións do superior, a fin de que estas actividades se executen na debida forma de calidade, cantidade, prazo, custe e oportunidade.

Sistema selectivo: 1 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (1 praza)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: Ningún.

b. Temario: Ningún.

Relacións laborais

Grupo / Categoría Laboral: A2 - II

N.º. de prazas: 1

Réxime: Persoal laboral fixo

Xornada: Completa

Retribución bruta anual: As que figuran no orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2023

Titulación esixible: Diplomado Universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao universitario

Funcións a desempeñar: 1. Xestión, control, estudio, informe e propostas en materias concretas da súa cualificación técnica, das materias relacionadas co persoal e recursos humanos.

2. Elaboración de informes de natureza técnica en materias propostas da área de contratación, nóminas e seguridade social, así como os esixidos pola normativa vixente.

3. Control, supervisión e custodia de expedientes tramitados.

4. Coordinación cos distintos departamentos e Seguridade Social dos expedientes de xubilación, incapacidades, nacemento e coidado de menores, xactancia, risco durante o embarazo, adopción/acollemento/garda legal...

5. Apoio ó superior na xestión e organización das materias do servizo. Coordinación do persoal para a execución dos traballos encomendados.

6. Manexar ordenadores e aplicativos informáticos e tecnolóxicos para resolver aspectos da súa competencia.

7. Cumprimentar actividades nos prazos previstos.

